



BOP

MÉRCORES, 15 DE DECEMBRO DE 2021 N.º 286

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

CONCELLOS

BARALLA

Anuncio

Aprobado polo Pleno desta Corporación, en sesión de 2 de decembro de 2021 o expediente de modificación de créditos número 19/2021, dentro do vixente presuposto municipal, por importe de 118.600 euros, e dando cumprimento ao establecido nos artigos 169 e 177 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, Real Decreto Lexislativo 2/2004, exponse ao público, polo prazo de quince días hábiles, na Secretaría deste Concello, a fin de que durante o mesmo, que empezará a contar desde o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, as cales deberán ser dirixidas ao Sr. Alcalde - Presidente deste Concello.

Baralla, 3 de decembro de 2021.- O alcalde, Miguel González Piñeiro.

R. 3554

MURAS

Anuncio

Por resolución da Alcaldía 2021-0543, foi aprobado o PADRÓN PAI -OUTUBRO 2021.

De acordo co art. 102.3 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria e arts. 24 e seguintes do Real Decreto 939/05, do 29 de xullo, Regulamento Xeral de Recadación, ponse en coñecemento dos interesados que nas oficinas municipais deste Concello, e durante o período de quince días hábiles, a contar a partir do seguinte día hábil ao da inserción deste anuncio no BOP, estará exposto ao público o padrón completo do imposto.

Contra a aprobación destas liquidacións, os interesados poderán interpoñer os seguintes recursos:

-Os interesados só poderán interpoñer recurso de reposición ante a alcaldía (art. 14 TRLRFL) no prazo de quince días hábiles, contado dende o día seguinte ao da publicación deste edicto no BOP.

-Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, nos prazos sinalados no art. 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

Igualmente advírtese que tamén poderán utilizar calquera outro recurso que estimen pertinente, así como exercer as accións que procedan ante a xurisdición competente.

O período voluntario para o cobro do importe das cotas establécese en DOUS MESES, contados desde a presente publicación no BOP. Transcorrido o período de cobro en voluntaria sen que se satisfixeron as cotas, iniciárase o período executivo con arranxo ao disposto no artigo 69 e seguintes do RXR, cos correspondentes recargas, xuros de demora e demais conceptos que sexan esixibles.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do disposto no artigo 102 da LXT. O que se fai público para xeral coñecemento e os efectos oportunos.

Muras, 10 de decembro de 2021.- O alcalde, Manuel Requeijo Arnejo.

R. 3556

Anuncio

Por resolución da Alcaldía 2021-0541, foi aprobado o PADRÓN SAF OUTUBRO 2021.

De acordo co art. 102.3 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria e art. 24 e seguintes do Real Decreto 939/05, do 29 de xullo, Regulamento Xeral de Recadación, ponse en coñecemento dos interesados que nas

oficinas municipais deste Concello, e durante o período de quince días hábiles, a contar a partir do seguinte día hábil ao da inserción deste anuncio no BOP, estará exposto ao público o padrón completo do imposto.

Contra a aprobación destas liquidacións, os interesados poderán interpoñer os seguintes recursos:

-Os interesados só poderán interpoñer recurso de reposición ante a alcaldía (art. 14 TRLRFL) no prazo de quince días hábiles, contado dende o día seguinte ao da publicación deste edicto no BOP.

-Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, nos prazos sinalados no art. 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

Igualmente advírtese que tamén poderán utilizar calquera outro recurso que estimen pertinente, así como exercer as accións que procedan ante a xurisdición competente.

O período voluntario para o cobro do importe das cotas establécese en DOUS MESES, contados desde a presente publicación no BOP. Transcorrido o período de cobro en voluntaria sen que se satisfixeron as cotas, iniciarase o período executivo con arranxo ao disposto no artigo 69 e seguintes do RXR, cos correspondentes recargas, xuros de demora e demais conceptos que sexan esixibles.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do disposto no artigo 102 da LXT. O que se fai público para xeral coñecemento e os efectos oportunos

En Muras a 9 de novembro de 2021, asinado polo Sr Alcalde, don Manuel Requeijo Arnejo

Muras, 10 de decembro de 2021.- O alcalde, Manuel Requeijo Arnejo.

R. 3557

NEGUEIRA DE MUÑIZ

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de 10 de decembro de 2021, aprobáronse as bases para a creación dunha bolsa de emprego destinada a contratación de auxiliares de axuda a domicilio para procesos de interinidade.

As solicitudes presentarase no rexistro do Concello de Negueira de Muñiz no prazo de sete días hábiles a partires de publicación deste anuncio no BOP, segundo o establecido nas bases expostas no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello (www.concellodenegueira.es).

Negueira de Muñiz, 10 de decembro de 2021.- O Alcalde, José Manuel Braña Pereda.

R. 3558

RIBAS DE SIL

Anuncio

APROBACIÓN PROVISIONAL

O Pleno deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o día 2.12.2021 acordou a aprobación provisional da modificación completa da **ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR OCUPACIÓN DO SUBSOLO, SOLO E VOO DA VÍA PÚBLICA (NÚMERO 12)**.

E en cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese o expediente a información pública nas dependencias municipais polo prazo de trinta días a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxerencias que estimen oportunas.

Si transcorrido o devandito prazo non se presentaran reclamacións, o devandito acordo considerárase aprobado definitivamente.

Ribas de Sil, 10 de decembro de 2021.- O alcalde, Miguel Angel Sotuela Vega.

R. 3559

O VALADOURO*Anuncio*

Mediante Resolución de Alcaldía deste Concello aprobouse a Oferta de Emprego Público para a estabilización de emprego temporal, que cumpre as previsións do artigo 2 do Real Decreto-lei 14/2021, de 6 de xullo, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, correspondente a a/s praza/s que a continuación se apuntan:

PERSOAL FUNCIONARIO:

DENOMINACIÓN POSTO	GRUPO
Administrativo/-a Administración Xeral	C1
Administrativo/-a Administración Xeral	C1
Operario/-a mantemento vías e espazos públicos	E

PERSOAL LABORAL:**DENOMINACIÓN POSTO**

Auxiliar axuda no fogar

Auxiliar axuda no fogar

Auxiliar axuda no fogar

Auxiliar axuda no fogar

Traballador/-a Social

Traballador/-a Social (½ xornada)

Técnico/a Xestión Administración Xeral

Técnico OMIX (Xornada 5 horas/día)

Administrativo Administración Xeral

Administrativo Administración Xeral (Cultura)

En cumprimento do artigo 91 da Lei 7/1985, de 2 de abril, da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 70.2 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, publícase a Oferta de Emprego Público para a estabilización de emprego temporal do Concello de O Valadouro no Boletín Oficial da Provincia.

O Valadouro, 10 de decembro de 2021.- O Alcalde, Edmundo Maseda Maseda.

R. 3560

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO**CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO – SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS***Anuncio***INFORMACIÓN PÚBLICA****Expediente:** A/27/04862/E**Asunto:** Extinción del derecho al aprovechamiento de aguas**Titular:** Comunidad de Usuarios del Pozo da Gándara**Nombre del río o corriente:** Pozo da Gándara**Punto localización:** Viador, finca Gándara, San Mamed de los Ángeles**Término municipal y provincia:** Lugo, Lugo**Caudal concedido:** 0,23 l/s**Destino:** Abastecimiento y riego**Título:** Resolución de la Confederación Hidrográfica del Norte**Fecha:** 11 de octubre de 1996**Registro de Aguas:** 5927, Sección A, en el Tomo 0060, hoja número 027

BREVE DESCRIPCIÓN:

Extinción del derecho del aprovechamiento de aguas incoado de oficio por este Organismo de cuenca por transcurso del plazo por el que se otorgó la concesión. No constan servidumbres.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA (30) DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, durante el cual podrá comparecer por escrito cualquier persona, incluido el titular del derecho, que pueda resultar afectada por la extinción del mismo, en el **Ayuntamiento de Lugo** o en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., (Comisaría de Aguas - Rúa Progreso, 6. 32005 - Ourense).

Lugo, 10 de diciembre de 2021.- El Comisario Adjunto, Alberto de Anta Montero.

R. 3561